



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

27 de maio de 2011

## METEOROLOXÍA

Durante boa parte da semana que termina as temperaturas foron máis altas do normal para a época do ano, chegándose nas Rías Baixas a medias diarias de 20°C os días 24 e 25 de maio e na zona de Ourense máximas por encima de 32°C. Cara as seguintes xornadas e logo do significativo descenso térmico experimentado nas xornadas de xoves e venres por mor da chegada dunha masa de aire frío procedente do Atlántico norte, a situación na fin de semana será novamente anticiclónica, polo que os termómetros comezarán a ascender durante o sábado. Durante a primeira metade da vindeira semana as altas presións continuarán dominando a situación, pero unha nova entrada de aire procedente do norte fará descender algo os termómetros e, previsiblemente, nubrara as comarcas do norte galego, onde a probabilidade de chuvias febles verase incrementada.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

**J-K** - acios callados - uva tamaño chícharo.

Debido ao bo tempo que se produciu durante os últimos a purga foi en xeral boa, pero en algunhas parcelas obsérvase mal desprendemento dos capuchóns florais e corremento. En todo caso en xeral **na DO Rías Baixas preséntase unha colleita moi boa e un adianto fenolóxico, respecto á campaña anterior, de aproximadamente dúas semanas.**

#### **Coidados culturais**

Durante os últimos días produciuse un forte crecemento da gomariza, polo que é necesario realizar a poda en verde consistente no despuntado da vexetación que colga dos aramios dos sistemas de condución, tanto nos emparrados como nas espaldeiras e empalizadas.

#### **Incidencias fitopatolóxicas destacadas**

**Mildeu** (*Plasmopara viticola*)

Durante os últimos días non se deron condicións de infección, xa que dende o pasado 9 de maio non se produciron condicións nin tampouco se prevén para as próximas datas.

**Oidio** (*Uncinula necator*)

Obsérvanse síntomas illados da enfermidade pero **mantéñense condicións moi favorable para seu desenvolvemento.**

**Black Rot** (*Guignardia bidwelli*)

Na zona do Condado seguen obsérvandose síntomas aínda que de escasa consideración.

**Polilla dos acios** (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

Descenso das capturas do insecto. O nivel de voo e danos en acios indican a ausencia total risco.

**Mosquito verde** (*Empoasca vitis* e *Zygina rhamnii*)

Comezan a aumentar a presenza da praga sen chegar polo momento a alcanzarse os umbrais de tratamento.



### Recomendacións

Para o control de **mildeu** recoméndase tratar aqueles viñedos que conserven síntomas da enfermidade, xa que se poden producir reesporulacións en condicións de humectación nocturna. Ditos tratamentos serán preferentemente con produtos de tipo penetrante ou cuticulares con acción erradicante.

Nos viñedos con moito vigor é aconsellable empregar preparados que conteñan tamén un porcentaxe de cobre na súa composición.

En viñedos asintomáticos sería suficiente tratar neste momento con materias activas de contacto de acción preventiva e cun intervalo, dende o último tratamento, de dúas semanas.

O **oidio** deberase tratar xunto co anterior cun fitosanitario específico para o seu control.

Na comarca do Condado deberase ter en conta a sensibilidade e síntomas de **black-root**, recomendándose, polo tanto, empregar preparados que conteñan mancoceb, metiram ou azoxystrobin, con dobre acción mildeu-black root, ou myclobutanil, con dobre acción oídio-black root.

## D. O. Ribeira Sacra

### Estado fenolóxico medio

I<sub>1</sub> - inicio de floración. Nas variedades máis precoces están en estado J – callado.



Foto. Mancha de mildeu no envés da folla

### Estado fenolóxico medio

I<sub>1</sub> - inicio de floración. Nas variedades máis precoces están en estado J – callado.

### Incidenias fitopatolóxicas

En xeral, mantense o bo estado sanitario do cultivo. Seguen aparecendo manchas de **mildeu** (*Plasmopara viticola*) en folla, en forma de aceite no haz e esporuladas coa cor branca no envés. Tamén seguen aparecendo as manchas en follas de **black-root** (*Guignardia bidwelli*), en ocasións cos órganos reprodutores das contaminacións secundarias do fungo (picnidios) en forma

de puntos negros, sen que de momento representen un risco de importancia sanitaria para o cultivo.

### Recomendacións

Manter vixilado o cultivo. Ao estar en floración, e tendo aplicado a semana pasada un tratamento preventivo, non é axeitado repetir o tratamento salvo que a presión da enfermidade obrigue a elo.

Estase cortando a herba do solo periódicamente para evitar a propagación dos patóxenos e a competencia co propio cultivo.



## D. O. Ribeiro

segue VIÑEDO

### Estado fenolóxico medio

I<sub>2</sub> - K plena floración a gran tamaño chícharo.

### Incidencias fitopatolóxicas

En xeral, bo estado sanitario. Nos últimos días pola tarde, especialmente o mércores en Castrelo de Miño, caeron chuvias con sarabia (pedra) que produciron danos sen moita importancia na vexetación. Seguen aparecendo manchas en folla pola presenza de **black-rot** (*Gignardia bidwelli*) (tamén en ramas de xeito puntual) e **mildeu** (*Plasmopara viticola*).



Foto. Plena floración en Treixadura



Foto. Manchas de **mildeu** e **black-rot** en Treixadura

### Recomendacións

Débense renovar os tratamentos contra **mildeu** e **black-rot**, xa que as condicións de temperatura e humidade favorecen o seu desenrolo, tendo en conta que a floración é unha fase do cultivo moi sensible. Ter en conta que no caso de aplicar produtos de contacto haberá que renovaos cando chova xa que a auga os elimina.

### Outros coidados culturais

Séguese cortando a herba do solo constantemente para evitar a propagación dos patóxenos e a competencia co propio cultivo. Tamén se están executando labouras de esfolado e enramado para o adecuado desenrolo do cultivo.

## D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio I<sub>2</sub> - plena floración.

### Incidencias fitopatolóxicas

En xeral, bo estado sanitario. Seguen aparecendo manchas en folla de **black-rot** e **mildeu** sen supoñer un risco fitosanitario de importancia. Durante a semana pasada producíronse varias treboadas que afectaron a varias parroquias da DO, como Albarellos, Infesta, Flariz, San Cristovo, etc. con caída de pedra que provocou danos de certa importancia no cultivo (rotura de ramas e follas, así como perda de acios).

### Recomendacións

No caso de danos de importancia por sarabia, recoméndase aplicar, dentro das 48 horas seguintes, materias activas con acción cicatrizante (como folpet ou sulfato cuprocálcico). Lembrar, nos tratamentos contra **mildeu** e **black-rot**, que é recomendable respetar á floración, esperando a que remate para renovar os tratamentos preventivos contra estas enfermidades, sempre que o grado de risco de contaminación o permita.



## D. O. Valdeorras

segue VIÑEDO

### Estado fenolóxico medio

I<sub>1</sub> – inicio da floración

### Incidencias fitopatolóxicas destacadas

En xeral, bo estado sanitario. Seguen detectándose manchas de **black-rot** e **mildeu**.

### Recomendacións

Estanse aplicando tratamentos preventivos contra **mildeu** e, ao mesmo tempo, para o control do **black-rot**.

## PATACA

### IXP Pataca de Galicia - A Limia

#### Estado fenolóxico medio e fitosanitario

A maior parte da superficie do cultivo atópase na fase de desenrolo da vexetación.



Foto. Estado actual da vexetación na comarca da Limia.

Detectáronse os primeiros exemplares de **escaravello** adulto e as primeiras postas no envés das follas, sen que afecten ao desenrolo do cultivo.

#### Recomendacións

Nas parcelas co cultivo máis adiantado recoméndase aplicar un tratamento preventivo contra o **mildeu** a base de materias activas de carácter sistémico, xa que as condicións meteorolóxicas son moi favorables para o seu desenrolo.

### IXP Pataca de Galicia – Terra Chá e Bergantiños

#### Estado fenolóxico medio e fitosanitario

A maioría da superficie do cultivo atópase na fase de emerxencia da vexetación e sen incidencias fitosanitarias.

#### Recomendacións

Non se recomendan tratamentos mentras non se desenrole a vexetación.



## HORTA

### Pemento – Zona de Herbón/Padrón

#### **Estado fenolóxico medio**

Inicio das producións. Frutificación e produción a pleno redemento.

#### **Incidencias fitopatolóxicas e recomendacións**

Nas trampas cormatográficas detéctase a presenza de **trips**, pero sen incidencias reseñables.

Aprécianse ataques de **pulgón** en plantas e focos localizados, recomendándose tratamentos localizados, e non xeralizados, con produtos compatibles con control biolóxico, así como solta de *Aphidius colemani* e *Lysiphlebus testaceipes*.

Sintomatoloxía de **fisiopatías** e **arrugado de follas** debido a elevadas temperaturas e pouco movemento de aire nas ultimas xornadas.

En canto a enfermidades, detéctase xa **oidiopsis** (*Oidiopsis taurica*), que nalgúns casos comeza a ser preocupante. Incídese na importancia de controlar este fungo moi precozmente para evitar o seu desenvolvemento. Estáse a tratar con xofre - 80% para a correcta compatibilidade cos organismos de control biolóxico.

Na vindeira semana evaluarase a posibilidade de tratamentos con sustancias activas autorizadas e específicas para o fungo.

#### **Outras recomendacións**

Estanse facendo a segundas soltas de organismos de control biolóxico para o control de artrópodos parásitos. Recoméndase o mantemento de soltas como reforzo das primeiras.

Aínda que é demasiado cedo, a presenza de **oidio** (*Leveillula taurica*, anamorpha = *Oidiopsis taurica*) nas plantas obriga manter unha vixianza extra, cunha seriedade atención ao movemento e control da enfermidade, que chega con máis dun mes de adianto do seu ciclo habitual na comarca. É aconsellable reforzar os medios de combate culturais (aireación, limpeza, redución da humidade...) para un mellor control, así como facer aplicacións de xofre aos carballos cercanos aos cultivos, xa que están seriamente afectados pola **oidiopsis**.



## FROITEIRA

### Mazá de mesa

#### **Incidencias fitopatolóxicas**

Debido ás inusuais condicións atmosféricas deste ano, non se atopan síntomas de **moteado** (*Venturia inequalis*), aínda que si algúns brotes afectados por **oidio** (*Podosphaera leucotricha*). No caso de que a previsión meteorolóxica para a zona anuncie choivas, é moi probable a contaminación por **moteado**, principalmente, sendo conveniente manter as plantas protexidas.

#### **Recomendacións**

Tal como se prevía no boletín anterior, desaparece o **pulgón cincento** (*Dysaphis plantaginea*), cobrando forza o **pulgón verde** (*Aphis pomi*). En canto ao **pulgón laníxero** (*Eriosoma lanigerum*) notouse un sensible incremento nalgunhas zonas. É importante comprobar a presenza do parasitoide *Aphelinus mali* para valorar a necesidade doutros controis.

#### **Verme da mazá** (*Cydia pomonella*)

No caso de non ter instaladas trampas de seguemento do voo, é importante solicitar información nos servizos técnicos. Espérase un aumento nas cazas nos próximos días, o que será indicativo dun crecente voo de apareamento das volvoretas, coa conseguinte aparición dos primeiros vermes entre 5 e 10 días despois, dependendo da temperatura e das choivas que entorpezcan ou impidan o voo.